
(EN)FOCO #3: RAPSODIAS AFRICANAS

VENRES 10 ABRIL 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Clark Rundell, director

Seckou Keita, intérprete de kora

Momi Maiga, percusión

PRECONCERTO ESTUDANTADO DO CURSO

AVANZADO DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL

Sala Mozart, 19.45 h

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



Sala Mozart, 19:45h

**Preconcerto estudiantado do Curso Avanzado
de Especialización Orquestral**

Caterina Barbosa, violín; Marie E. Cooper, violín;
Inmaculada Muedra, viola; Javier N. Casamayor,
violonchelo; Nicolás García, contrabaixo.

Timur Sadikov, profesor

ANTONÍN DVOŘÁK (1841-1904)

Quinteto de corda núm. 2 en Sol maior, Op. 77

Allegro con fuoco

Scherzo. Allegro vivace

Poco andante

Finale. Allegro assai

PROGRAMA

SECKOU KEITA (1978)

Rapsodias africanas* (arranxos: Davide Mantovani)

The Future Strings Variation

Tatono's Path

Distance, A Bird's Eye View

Simply Beautiful Miro

L'Épopée Mande-Arab

The Shadow Left By The Invisible Man

Tamala's Caravan Trail

Ode To Kanou

Missing You Forever

Alhambra

Bamba, the Light of Touba

** Estrea en España*

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Ildiko Oltai
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Irina Gruia
Enrique Roca
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Iago Domínguez * (R)
Carlos García **
Manuel Lorenzo
Fabio Arias
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Marta Zlatkovic (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL/BATERÍA

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Dario González (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

CLARK RUNDELL

DIRECTOR

Clark Rundell, cun repertorio que abrangue séculos, continentes e estilos, consolidouse como un defensor da música que vai desde o século XVIII ata a actualidade, do jazz á kora, do tango ao modernismo europeo e desde grandes proxectos multidimensionais ata músicas de gran complexidade e detalle.

Entre os seus debuts recentes e próximos figuran a Orquestra Filharmónica de Toquio, a Orquestra Nacional de Bélxica, as Sinfónicas de Boston, Oregon e Barcelona, a Orquestra Filharmónica de Bruxelas, Klangforum Wien, a Orquestra Gulbenkian de Lisboa, a SWR-Sinfonieorchester Baden-Baden, a Orquestra NDR de Hannover e a Real Orquestra Filharmónica de Liexa, todas elas convidándoo de novo a dirixir nas seguintes tempadas. Traballa con regularidade con orquestras e conxuntos como todas as orquestras da BBC, Britten Sinfonia, Royal Liverpool Philharmonic, Royal Northern

Sinfonia, Ensemble 10/10 e Asko Schoenberg.

Entre as estreias mundiais de ópera que dirixiu destacan *Clemency* de James MacMillan no Royal Opera House de Covent Garden, *Voices & Votes* de Orlando Gough no Festival Internacional de Bergen, a espectacular reinterpretación de *Tristan and Isolde* de Julian Joseph en Londres, *The Light of Lesser Days* de Oscar Bettison nos Países Baixos e a moi agardada ópera *Iphigenia* de Wayne Shorter e Esperanza Spalding en Boston e no Kennedy Center de Washington, DC. Outras producións operísticas inclúen *Albert Herring*, *The Turn of the Screw*, *Carmen*, *Katya Kabanova*, *Street Scene*, *L'Heure Espagnole*, *The Cunning Little Vixen*, *Greek* e *L'enfant et les sortilèges*.

Profundamente comprometido coa música contemporánea, Clark Rundell estreou obras de compositores como Louis Andriessen, Steve Reich, Mark-Anthony Turnage, James

MacMillan, Django Bates, Sir Richard Rodney Bennett, Oscar Bettison, Gary Carpenter, Trish Clowes, Tansy Davies, Tim Garland, Adam Gorb, David Horne, Julian Joseph, Steve Mackey, Steve Martland, Grace Evangeline Mason, Brad Mehldau, Martijn Padding, Gwilym Simcock, Joey Roukens, Wayne Shorter e Julia Wolfe.

Como arranxista, colaborou con Louis Andriessen nunha suite baseada na ópera do mestre neerlandés Rosa, titulada *Rosa's Horses*, estreada por Clark Rundell e a Orquestra Filharmónica de Cámara da Radio dos Países Baixos no Concertgebouw de Ámsterdam. Ambos tamén colaboraron en *Vermeer Pictures*, unha suite da ópera *Writing to Vermeer*, interpretada igualmente no Concertgebouw con gran recoñecemento da crítica. Rundell continúa traballando en novas suites a partir de óperas máis recentes de Andriessen.

Dirixiu amplos proxectos orquestrais con artistas como Elvis Costello, o Wayne Shorter Quartet, Esperanza Spalding, Toumani Diabaté, Brad Mehldau, Tim Garland, Trish Clowes, Julian Joseph, Abel Selaocoe, Gwilym Simcock e Pablo Ziegler. Músico de grande versatilidade, tamén actuou con artistas como John Dankworth, Bob Brookmeyer, Victor Mendoza, Guy Barker, Julian Argüelles, Ed Thigpen, Cleo Laine, Andy Sheppard, Lew Tabackin e Michael Gibbs.

Apaixonado polo traballo coa mocidade, é profesor de dirección no Royal Northern College of Music de Manchester e mantén unha estreita relación coa Academia Orquestral dos Países Baixos.

SECKOU KEITA

INTÉRPRETE DE KORA

Seckou Keita, nado en 1978 en Senegal, eríxese como unha figura destacada entre a nova xeración de músicos tradicionais africanos. Virtuoso da kora, Seckou soubo combinar con mestría sete séculos de tradición cunha sensibilidade global contemporánea, o que lle valeu ser considerado un dos grandes músicos africanos da súa xeración. O seu dominio da kora, a arpa de 22 cordas de África occidental, cautivou públicos de todo o mundo desde 1996. Colaborou con artistas de renome como Salif Keita, Paul Weller e Bassekou Kouyate, converténdose nunha forza influente que non deixa de expandir os límites da súa arte.

Natural de Ziguinchor, no sur de Senegal, o seu camiño comezou como neno prodixio, nacido nunha liñaxe de griots e reis. Desde a súa chegada ao Reino Unido en 1999, a súa evolución artística foi extraordinaria. Coñecido como

“o Hendrix da kora”, revolucionou as posibilidades expresivas do instrumento grazas ás súas afinacións innovadoras e á súa virtuosidade, sendo recoñecido como “un dos mellores intérpretes de kora”. Seckou actuou en escenarios de todo o mundo, desde WOMAD e Glastonbury ata os festivais de jazz de Toquio e Montreal, cativando ao público tanto en solitario como co seu innovador quinteto.

O seu álbum de estrea, publicado no ano 2000, impulsouno a novos cumios como intérprete de kora. Desde entón, non deixou de superar as expectativas sobre o potencial do instrumento. A súa exploración musical non coñece límites: percorreu xéneros como o jazz, o pop, a música latina, o folk e a música clásica. As súas colaboracións con Damon Albarn, Catrin Finch ou Omar Sosa amosan a súa enorme versatilidade. Cun repertorio de

14 discos, recibiu numerosos recoñecementos, entre eles tres Songlines Music Awards e varios BBC Radio 2 Folk Awards, incluído o de Músico do Ano en 2019.

A traxectoria musical de Seckou Keita é unha proba da súa capacidade para transcender fronteiras culturais, creando unha viaxe poética sublime na que a música se converte en pura emoción. Mentres continúa ampliando horizontes, cabe preguntarse se Bach ou Beethoven terían composto para a kora de teren experimentado o seu encanto en África. O legado de Seckou Keita é unha harmoniosa combinación de tradición, innovación e un profundo amor pola música que fala directamente á alma.

NOTAS AO PROGRAMA

(EN) FOCO #3:

RAPSODIAS AFRICANAS

Esta noite a Real Filharmonía presenta o terceiro concerto do ciclo (EN) FOCO no que ofrece actuacións os venres pola noite cun formato dunha hora de duración que contan con explicacións e comentarios para facilitar unha mellor comprensión do público. Este ano o obxectivo principal da orquestra é superar as fronteiras estilísticas incorporando repertorio máis transversal. Bo exemplo deste premisa é o programa desta noite protagonizado polo intérprete de kora e compositor Seckou Keita que, xunto coa orquestra dirixida por Clark Rundell, ofrecerannos as *Rapsodias Africanas* deste músico senegalés.

Antes de comentar a obra que hoxe ocupará gran parte destas liñas, pensamos que é interesante achegarse ao universo da kora, un fascinante instrumento do que debemos coñecer algúns datos. Habitualmente é considerado polos organólogos como unha especie de híbrido entre un laúde e unha arpa. Trátase polo tanto dun instrumento de corda pulsada construído con media cabaza grande, coiro de vaca,

un mastro de madeira grande vertical, trastes, e 21 cordas que actualmente son de nailon (anteriormente de tiras de pel de antílope), o que aporta unha sonoridade máis metálica. A súa orixe está relacionada coa etnia *mande* asentada nos países de África Occidental (Gambia, Senegal, Guinea e Mali), ligada á tradición dos *jeli* (músicos profesionais dese pobo) e o seu nacemento tivo lugar entre os séculos XVI e XVII. É un instrumento polifónico con once cordas dispostas á esquerda e dez á dereita do mastro no que normalmente cos polgares realízase a voz do baixo e cos outros dedos interprétase a melodía. Os seus usos máis comúns era como acompañamento de cantos de loanza e de conmemoración do que participaban tanto homes como mulleres (convén recordar que en moitas culturas africanas música, canto e danza forman unha unidade indisoluble). A súa versatilidade para facer solos e acompañar favoreceu o salto dende a tradición africana, á que segue ligada, cara a músicas actuais doutras culturas como o jazz, o

flamenco, ou a música clásica. Dende o ano 2008 a kora é considerada pola UNESCO patrimonio cultural inmaterial.

Seckou Keita (1978), músico senegalés afincado en Nottingham dende finais dos anos 90 e natural de Ziguinchor (Senegal), presenta hoxe *African Rhapsodies* unha creación que ten a kora como protagonista indiscutible. Este proxecto dado a coñecer en 2023 xunto a orquestra de concertos da BBC dirixida por Mark Heron supón unha colaboración co músico italiano Davide Mantovani (Milán, 1970), encargado dos arranxos orquestrais. Na gravación, lanzada por Clave Records, participaron tamén o arranxista tocando o contrabaixo, Suntou Susso, percusionista de Gambia, e o violonchelista e vocalista sudafricano Abel Selaocoe. Este traballo foi galardoado con diversos premios como o Songlines Music Awards e o premio da BBC Radio2 Folk Awards.

A obra no seu conxunto pretende ser unha homenaxe aos antepasados do autor e ao instrumento, considerado un símbolo identitario de África Occidental. O seu compositor pregúntase se Bach ou Beethoven terían escrito para a kora se viaxaran

en vida a África e desenvolve a idea de superar as barreiras culturais con este traballo que explica da seguinte maneira: «*Rhapsodias Africanas* é unha colección de pezas que compuxen para unir a música clásica occidental e a africana. Iremos de viaxe a Senegal con algunhas paradas polo camiño. Sempre me fascinou cruzar fronteiras culturais. Ao igual que a música clásica, a música de kora foi orixinalmente encargada e interpretada polas familias reais e a nobreza; porén, toda a música que compoño, e este proxecto en particular, busca facela accesible a todos». En canto ao seu estilo, Keita afirma que «Non sei se son músico folk, de jazz ou de músicas do mundo. Esquézanse das categorías. A miña música é simplemente música para a alma».

A nivel estrutural o conxunto, caracterizado por un enorme virtuosismo, está conformado por 8 pezas: *The future strings variation* (Variación de cordas futuras); *Simply Beautiful Miro* (Simplemente fermoso, Miro); *Tatono's Path* (Camiño de Tatono); *Ode to Kanou* (Oda a Kanou); *Tamala's Caravan Trail* (Ruta de caravanas de Tamala); *The Shadow Left by the Invisible Man* (A sombra

que deixa o home invisible); *L'Épopée Mande-Arab* (A épica Árabe-Mande); *Bamba, the Light of Touba* (Bamba, a luz de Touba).

A primeira peza, *The future Strings Variation* comeza coa trompa e as cordas nunha atmosfera melancólica antes de que o ritmo se acelere trala entrada do solista. O seguinte fragmento, *Symply Beautiful Miro*, pretende recordarnos que, sen importar o que a vida nos depare, todos temos o poder de elixir pensamentos positivos. Decantarse por estes pensamentos fermosos a diario fai que os desafíos sexan moito máis fáciles de superar e os bos momentos aínda máis agradables. *Tatono's Path* toma o título do alcume do avó de Keita. Iníciase cunha introdución orquestral que da paso logo á kora nun estilo típico do Senegal con frases ondulantes e repetitivas que son respondidas pola orquestra. A continuación, *Ode to Kanou*, unha peza de carácter sinuoso que fala do amor (ese é, de feito, o significado da palabra kanou), onde destaca a voz do solista sobre o conxunto sinfónico. O máis salientable de *Tamala's Caravan Trail* é o emprego dunha afinación diferente e única para o instrumento solista, descuberta polo propio Keita.

The Shadow Left by the Invisible Man fai referencia á pescuda de Keita do seu pai ao que perdeu con tres meses. Empezan as cordas e logo a kora interpreta un solo; posteriormente hai unha alternancia entre solista e *tutti* que acaban uníndose. *L'Épopée Mande-Arab* pretende ser unha viaxe dende Senegal cara Oriente Medio cunha parada en Sudáfrica e foi inspirada polo violinista de orixe exipcia Sami Bishai co que Keita traballou en diversas ocasións. A última obra do conxunto é *Bamba, the Light of Touba* e está dedicada ao xeque sufí Ahmadou Bamba Mbacké, un dos líderes espirituais máis influentes de Senegal a principios do século XX.

Sen dúbida, unha proposta única e singular a que nos presenta esta noite a orquestra na que teremos ocasión de unir dúas culturas e mundos musicais ben diferentes: a música clásica escrita da orquestra sinfónica europea coa tradición oral da música do Senegal. Unha boa maneira de amosar neste momento complexo que estamos vivindo a nivel mundial que xuntos e respectando as diferencias dos demais somos mellores.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO MARES DE HISTORIAS

XOVES 23 ABRIL (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- Gabriel Erkoreka: Alalá
Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea Absoluta
- Fernando Buide: Mar ao Norde
- Benjamin Britten: Four Sea Interludes da ópera
Peter Grimes, Op. 33º
- Jean Sibelius: Sinfonía núm. 3 en Do maior, Op.52

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMÓNIA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

